

Edificio Miralles  
Campus universitario  
36310 Vigo  
España

Tel. 986 813 586      www.uvigo.es  
Universidade de Vigo      estudantes@uvigo.es  
Registro Xeral

Saída Nº. 201600011328  
14/07/16 11:51:17

## PRÁCTICAS DE CAMPO E SAÍDAS DE ESTUDOS

CURSO 2016/2017

Coa finalidade de atender no posible a realización de prácticas de campo e saídas de estudo como complemento á formación do estudiantado da Universidade de Vigo, no orzamento do 2016 a Universidade de Vigo reservou a Partida Orzamentaria **223- Transportes** que repartiú de acordo cos criterios establecidos entre os distintos centros da Universidade e que será executada de acordo coas seguintes condicións xerais:

1. As actividades financiaranse con cargo á dita partida, que será repartida entre os dous cuatrimestres de acordo a coas necesidades docentes do centro.
2. Será competencia exclusiva dos centros a priorización das actividades segundo as limitacións orzamentarias e o interese da actividade.
3. Poderá solicitar acollerse á estas actividades calquera docente da Universidade de Vigo que dispense materias de 1º, 2º, 3º ciclo, ou Grao e Master.
4. As actividades serán organizadas de xeito que non teñan incidencia negativa no desenvolvemento normal das actividades académicas regradas do alumnado e será o/a docente solicitante o/a responsable de que non se causen prexuízos ao resto das materias.
5. O centro **deberá** desestimar a solicitude se se aprecia que non existe correspondencia entre o obxecto da viaxe e os contidos das materias que o xustifican. Quedan expresamente excluídas desta acción as viaxes de lecer.

Co fin de dispoñer dos medios precisos para facer uso dos vehículos do parque móbil da Universidade de Vigo, ou facilitar e axilizar, de ser o caso, a contratación dos medios externos de transporte, esta Vicerreitoría, establece o seguinte procedemento:

- i. O profesorado responsable deberá comunicar aos Decanatos ou Direccións de Centro os datos necesarios para a realización da práctica (nº de estudantes, curso, data aproximada de realización, etc.) dentro do prazo establecido polo seu centro. Con tal motivo, remitirase o impreso de “solicitude de xestión para viaxes de prácticas de campo e saídas de estudos”, do que se achega modelo, debidamente cuberto con todos os datos indicados.

- ii. Para os efectos oportunos, procederase do mesmo xeito que o indicado no apartado anterior no caso de prácticas/saídas que, polas súas características especiais, non requiran o uso de transporte.
- iii. Asemade, os Decanatos ou Direccións de Centro deberán enviar á Xerencia antes do **28/10/16** (cando menos para as prácticas do **primeiro cuadrimestre**) ou antes do **10/02/17** (para as prácticas do **segundo cuadrimestre**) o impreso de calendario que se achega (*ver nota ao final do apartado iv para prácticas que se vaian desenvolver previamente á elaboración do calendario (setembro ou outubro de 2016)*).
- iv. O impreso ao que fai referencia o punto anterior será remitido á Xerencia polos centros polo menos dez días antes da realización da actividade. A Xerencia xestionará a utilización, na medida do posible, dos medios de transporte propios. De non ser posible, e se o centro así o desexa segundo conste no impreso, o persoal do parque móbil xestionará a contratación de medios externos, tendo en conta que será o centro quen se fará cargo do aboamento das correspondente facturas.

**NOTA:** *para prácticas a desenvolver en setembro ou outubro de 2016, pode adiantarse directamente o impreso á Xerencia como en cursos anteriores.*

A presente normativa, xunto cos impresos aos que fai referencia, pódese atopar na páxina web: <http://estudantes.uvigo.es>.

Vigo, 14 de xullo de 2016

A vicerreitora de Estudantes



*Dolores González Álvarez*  
Dolores González Álvarez

DECANATOS/DIRECCIÓNS DE TODOS OS CENTROS DA UVIGO